

FeSP-UGT GALICIA EMPRAZA Á XUNTA DE GALICIA Á APERTURA DUN PROCESO DE NEGOCIACIÓN DE EMPREGO E DE RECUPERACIÓN DE DEREITOS SALARIAIS E LABORAIS RECORTADOS DENDE O ANO 2012

O Sindicato espera que de cara aos Orzamentos autonómicos de 2018, se abra un proceso negociador no ámbito da Mesa xeral de negociación dos empregados e empregadas públicos de Galicia, proceso se xa se abriu noutras Comunidades autónomas a raíz do Acordo polo emprego asinado con data 29 de marzo de 2017 polo Goberno estatal e os sindicatos UGT, CCOO e CSIF, e que mandataba a o seu desenvolvemento nas Comunidades Autónomas e na Administración Local.

Así mesmo, e con independencia dos incrementos salariais de carácter básico que se incorporen na tramitación dos retrasados Orzamentos do Estado, a Xunta de Galicia debe cumprir coas previsións que estableceu de xeito unilateral na Lei Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, posto que na súa Disposición final única establecía as ditas medidas serían revisadas no prazo de dous anos en función da evolución dos parámetros económicos que determinaban a suspensión de Acordos salariais e laborais, e a propia Xunta oficialmente reconece que hai crecemento económico e polo tanto no hai amparo legal nin xustificación para retrasar a restitución dos Acordos suspendidos .

A FeSP-UGT Galicia, en relación co anuncio do Presidente da Xunta sobre a oferta excepcional de emprego realizada, no día de hoxe, no debate parlamentario do estado da Autonomía, que remite a unha oferta de 14.000 prazas e taxas de emprego non fixo inferiores o 7%, valora que no proceso de negociación que se debe formalizar no ámbito da Mesa xeral, débense presentar os datos desagregados de Administración Xeral (persoal laboral e funcionario), Sergas e de Ensino, e que a cifra final de oferta excepcional até 2020 terá que ser superior para cumprir cos criterios do Acordo de emprego estatal.

As declaracións políticas deben acompañerse de feitos, e polo tanto, o Sindicato espera e apela a apertura dun proceso real de negociación de estabilidade de emprego e de recuperación de dereitos económicos e laborais no emprego público galego.